

## V REBUMBIO MATEMÁTICO GALEGO

FASE FINAL

3 XUÑO 2 005

(Coloca aquí unha  
etiqueta identificativa)


## ACTIVIDADE Nº 1

## "Os dardos do meu curmán"

Ó meu curmán Antón gústalle moito xogar a tira-los dardos á diana. E non os tira nada mal. O outro día, cando chegou á casa, díxome: "Hoxe, coas sete primeiras tiradas que deron na diana, conseguín cen puntos".

Eu lembraba como a diana tiña distribuídos os números; estiven moito tempo pensando en que zona do disco lle caera cada dardo ... e, por fin, resolvino.

Seguro que vós tamén sodes capaces de saber onde cravou cada un dos sete dardos para obter unha suma de cen puntos.




V REBUMBIO MATEMÁTICO GALEGO  
FASE FINAL  
3 XUÑO 2 005

(Coloca aquí unha  
etiqueta identificativa)

ACTIVIDADE Nº 2  
"Un día de inverno"

Aquel inverno moito nevou. Case nevou tanto coma este. Como non podíamos saír da casa e non tiñamos que facer, á miña curmá Carmiña ocorréuselle coller un cartón da tapa dunha caixa de zapatos e facer un cadrado. Fíxolle dúas raias, ás que ela chamou diagonais e cortouno por elas en catro anacos iguais.



E dixo: "A ver quen é o que fai máis figuras distintas con dúas pezas, con tres pezas e coas catro pezas, facendo cadrar os lados iguais e sen poñer unha peza enriba doutra".

Con dúas pezas non fixemos tantas como con tres, pero con catro aínda fixemos ben delas.

¿A ver cantas sodes capaces de facer vós? Debuxade un plano de cada unha antes de desface-la figura.

## V REBUMBIO MATEMÁTICO GALEGO

FASE FINAL

3 XUÑO 2 005

(Coloca aquí unha  
etiqueta identificativa)

## ACTIVIDADE Nº 3

## "Rifando por unha mesa"

A semana pasada fun a Peisaco. Cando cheguei, meus curmáns rifaban amistosamente por unha mesa; estaban de acordo sobre a súa superficie: tiña que medir  $12 \text{ m}^2$ . Pero non estaban de acordo no longo e máis no ancho. Miña curmá dicía que tiña que medir 6 m de longo e meu curmán dicía que tiña que medir 4 m.

Eu, mentres os escoltaba, ría a cachón. Pero chegou un momento en que xa non aguantei máis e díxenlles: "Mira que non tedes onde escoller ...! Podedes facela de moitas medidas."

Botádelles unha man. ¿Que medidas pode te-la mesa?

V REBUMBIO MATEMÁTICO GALEGO  
FASE FINAL  
3 XUÑO 2 005

(Coloca aquí unha  
etiqueta identificativa)

ACTIVIDADE Nº 4

“ O xastre de Francelos ”

Ó xastre de Francelos, na comarca de Ribadavia, non lle gusta nada tocar os cartos que xa pasaron polas mans doutras personas. Por iso, cando vai mercar algo leva moedas e billetes dabondo para que non lle teñan que dar voltas.



Como comprenderedes, el xa ten as súas contas moi botadas e sabe as moedas e billetes que ten que levar en cada caso.

Por certo, ¿cantas moedas e billetes de cada clase levará como mínimo se quere mercar algo que lle custa entre 0,01 € e 100 €?

V REBUMBIO MATEMÁTICO GALEGO  
FASE FINAL  
3 XUÑO 2 005

(Coloca aquí unha  
etiqueta identificativa)

ACTIVIDADE Nº 5

“ Un problema de capacidade”

Este ano é de moita seca, choveu pouco e hai lugares nos que xa a auga escasea. Aló por Soutullo xa teñen que andar cos cacharros e ir á fonte de vez en cando.

Amparo utilizou unha xerra, un caldeiro e unha sella para xuntar 22 litros de auga. Na xerra cabe un tercio da auga que cabe no caldeiro e un séptimo da que cabe na sella.

Con estes datos, ¿poderíades razoar os litros que caben en cada un dos tres recipientes?



V REBUMBIO MATEMÁTICO GALEGO  
FASE FINAL  
3 XUÑO 2 005

(Coloca aquí unha etiqueta  
identificativa)

ACTIVIDADE Nº 6  
"Novas da biblioteca"



Hoxe inaugurouse a ampliación dos locais da biblioteca da Facultade de Ciencias.

Esta biblioteca, fundada o 3 de xaneiro de 1932, ocupaba ata onte unha superficie de  $350 \text{ m}^2$ , dos que  $225 \text{ m}^2$  eran salas de lectura e o resto, almacén. Coa ampliación, a superficie das salas de lectura aumenta en  $175 \text{ m}^2$  e a superficie do almacén triplicase.

A biblioteca conta neste momento con 47 500 libros, dos que un 5% son de Xeometría.

Neste último ano, nesta biblioteca foron consultados 18 490 libros distintos. Deles, 9 750 foron prestados unha vez, 4 580 dúas veces e 1 750 tres ou máis veces.

1º. ¿Canto tempo hai que se inaugurou a biblioteca?

2º. ¿Que superficie teñen agora as salas de lectura?

3º. ¿Que superficie ten agora o almacén?

4º. ¿Cantos libros ten a biblioteca que non son de Xeometría?

5º. No último ano, ¿cantos libros foron prestados algunha vez pola biblioteca?

6º. No último ano, ¿cantos libros foron consultados pero non prestados pola biblioteca?